

EXCMO. CONCELLO PLENO

NOTIFICACIÓN

A Excmra Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo ditou en data 19 de xuño de 2020 o seguinte **DECRETO**:

“En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e tendo en conta as medidas de distanciamento social adoptadas con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **xoves**, día **25 de xuño**, ás **10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/61 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2019 (ORDINARIA), ASÍ COMO ÁS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE XANEIRO (ORDINARIA), 10 DE FEBREIRO (EXTRAORDINARIA E URGENTE), 27 DE FEBREIRO (ORDINARIA) E 10 DE MARZO (EXTRAORDINARIA) DO PRESENTE ANO 2020.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/62 PROPOSTA DE DETERMINACION DO REXIME RETRIBUTIVO DOS ORGANOS DIRECTIVOS DO CONCELLO DE LUGO.

INTERVENCIÓN

3/63 APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REC EXT 12-2020 CON REPARO 41-2020.


4/64 APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REC EXT 13-2020.

5/65 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.2/2020.

PROPOSICIÓN

6/66 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 130/2020 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O IMPULSO DA SEGURIDADE NO ÁMBITO LABORAL.

7/67 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 144/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR A UNIÓN DOS PARQUES DO RÍO RATO E DO RÍO MIÑO.



8/68 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 145/2020 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA.

9/69 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 147/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR O INICIO DE EXPEDIENTES DE RESPONSABILIDADE DERIVADOS DA XESTIÓN DA CONCESIÓN DA FÁBRICA DA LUZ.

10/70 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 148/2020 DE REXISTRO DE PLENO, DE PROPOSTA PARA Á ACTIVACIÓN DA ECONOMÍA E O COMERCIO LOCAL

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

11/71 ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2020 DE REXISTRO DO PLENO, NO QUE SOLICITAN A COMPARECENCIA EN PLENO DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE, PARA EXPLICAR DIVERSAS CUESTIÓNS SOBRE A FÁBRICA DA LUZ.

12/72 ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 136/2020 DE REXISTRO DO PLENO, NO QUE SOLICITAN A COMPARECENCIA EN PLENO DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, PARA EXPLICAR DIVERSAS CUESTIÓNS RELATIVAS A FÁBRICA DA LUZ.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/73 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE MAIO DE 2020, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

ROGOS E PREGUNTAS

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- PÉSAME POLO PASAMENTO DO FUNCIONARIO MUNICIPAL DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ AYUDE.
- PÉSAME POLO PASAMENTO DO EX-CONCELLEIRO MUNICIPAL DON JULIO ULLOA VENCE

Xustificase a celebración do Pleno a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de conformidade co artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polas especiais circunstancias de distanciamento social establecidas con motivo da crise sanitaria do COVID-2019,



CSV: ryosLZWCF200SBRJ1OQk5A==

SINATURAS

RAFAEL JOSE DEL BARRIO BERBEL - SECRETARIO XERAL - SECRETARIA XERAL DO PLENO

PAXINA: 2 / 3

DATAS(UTC)

19/06/2020 12:36:51

que impiden o normal funcionamento das sesións presenciais deste órgano colexiado.

A presente convocatoria deberá serlles remitida por correo electrónico aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, así como a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, sen prexuízo de que se poida consultar, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno. No caso de que, por calquera circunstancia, non puideran participar, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.”

O que lle notifico aos efectos oportunos.

Asdo.: O secretario xeral do Pleno.- Rafael José del Barrio Berbel

SEÑORAS E SEÑORES CONCELEIRAS E CONCELEIROS DO EXCMO.
CONCELLO DE LUGO.

